

## Documentos Admisión (do 1 ao 20 de marzo)

- ✓ Formulario normalizado cuberto e asinado : Anexo II (ED550B) , se non se presentou na páxina web <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado> ou na sede electrónica.
- ✓ Fotocopia do libro de familia ou documento acreditativo da idade do neno/a
- ✓ Fotocopia dos DNI dos pais cando deneguen a súa consulta
- ✓ Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, de darse o caso
- ✓ Se optán a una praza de NEAE achegarán a documentación pertinente

## Documentos Matrícula (do 20 ao 30 de xuño)

- ✓ Formulario normalizado cuberto e asinado: Anexo III
- ✓ Publicación de imaxe, opción relixión/proxecto competencial (EP)/atención educativa (EI), para bus.
- ✓ Dúas fotografías tamaño carnet do alumno/a
- ✓ Informe médico
- ✓ Fotocopia do libro de familia (se non o trouxo na admisión)
- ✓ Fotocopia da tarxeta sanitaria
- ✓ Fotocopia do DNI dos pais/titores legais e do alumn@ de ser o caso
- ✓ Certificado de empradoamento

### Nota informativa:

A Orde do 12 de marzo do 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, xunto coas instrucións da Dirección xeral, di que:

**1º. Que cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle nese centro.**

A solicitude presentada poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto a/s presentada/s anteriormente. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día de prazo de presentación de solicitudes. Logo do remate do prazo a solicitude será vinculante. A duplicidade de solicitudes determinará a escolarización da/o alumna/o conforme ao procedemento subsidiario regulado no capítulo IV da orde do 12 de marzo de 2013.

**2º. Que o alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.**

**3º. Que o alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.**

**A dirección**